



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PLATAFORMA REMOLCABLE PARA OS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI. RECLAMACIÓN A PROPOSTO A DE ADXUDICACIÓN.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, en acto público no Salón de Sesións e ás 12,30 horas do día 5 de decembro 2013, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D<sup>a</sup> Irene Suárez López e o aparelador municipal D. José M<sup>a</sup> Melero González, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D<sup>a</sup> María Jesús Blanco Martínez. Non asiste o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez.

1.- Pola Secretaria dase conta do escrito presentado por D. Francisco Javier Marimón Zracondegui, DNI 37708200E, en representación da empresa "Plataformas Daryat, S.L.", con enderezo en B<sup>o</sup> Kukullaga, nº 4, 48450 Etxebarri (Bizkaia) ante a Mesa de Contratación, aos efectos de impugnación da proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación en sesión de 14 de novembro 2013, polos seguintes feitos:

*"(...)1.- Consideremos que quedarán excluídas y no serán objeto de valoración las ofertas que no cumplan con alguna prescripción técnica exigida o incumplan alguna cláusula exigida en el Pliego de Cláusulas administrativas particulares específicas:*

*- En las características estructurales del pliego técnico se pide que la anchura de la plataforma recogida sea de 1,10 m. y la máquina propuesta por Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A. tiene una anchura de 1,60 m., lo que en un momento dado puede impedir el acceso a zonas de trabajo.*

*- También se pide que tenga una anchura de trabajo de 3,55 m. y la máquina propuesta tiene una anchura de 3,88 m., lo que provoca que el espacio libre para el estabilizar la plataforma sea mayor.*

*2.- En los criterios de valoración no se han puntuado las mejoras ofrecidas por Plataformas Daryat, S.L., estas son:*

*- Plazo de entrega: Inmediato.*

*-Garantía: 2 años en mano de obra, componentes y estructura mecánica.*

*-Curso homologado según UNE 58923:2012 de operador de PEMP.*

*Todas las mejoras citadas no han sido incorporadas en la propuesta económica porque nos hemos ceñido al modelo de proposición económica, anexo I del pliego de condiciones.*

*Este es el motivo por el que las mejoras se incorporaron en el sobre nº 1.*

**SOLICITO:**

*Que, teniendo por presentado este escrito, se sirva admitirlo, y en base a los motivos alegados dicte resolución por la que se declare la nulidad de la propuesta de adjudicación de "suministro de plataforma remolcable para los servicios municipales del Concello de Tui" a la empresa Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A."*

Á vista do exposto no seu escrito pola referida empresa, a Mesa de Contratación, tras unha breve deliberación co técnico municipal que redactou o prego de prescricións técnicas e membro desta mesa, acorda por unanimidade:

1- No tocante ás melloras que o licitador presentou dentro do sobre nº 1 - Documentación Administrativa, non admitir a alegación presentada, dado que a proposta económica e as melloras están incluídos no prego de cláusulas administrativas como "criterios valorables e cuantificables de forma automática", polo que a Mesa de Contratación estima que debe estar incluída toda a documentación valorable no sobre de proposta económica.

2- No tocante á proposta da máquina elevadora que ofrece a empresa Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A., pregúntase pola Mesa ó técnico municipal redactor das prescricións técnicas por este aspecto. Comprobada a documentación presentada e máquina proposta para adxudicación, o técnico municipal emite o seguinte informe, que se transcribe literalmente:

*"José María Melero González, arquitecto técnico do Concello de Tui e membro da mesa de contratación para o suministro de plataforma elevadora remolcable para os servizos municipais, á vista da documentación presentada na proposta económica da empresa Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A, teño a ben emitir o seguinte INFORME:*

*Debido a un erro de apreciación nas dimensións e características estruturais (ancho de traballo, anchura de transporte e anchura recollida) da plataforma ofertada pola empresa GRAU MAQUINARIA I SERVEI INTEGRAL, S.A.*

*Débese estimar o recurso presentado pola empresa PLATAFORMAS DARYAT, S.L. e non admitir a proposta presentada pola empresa GRAU MAQUINARIA I SERVEI INTEGRAL, S.A., debido a non cumprir as prescricións técnicas esixidas."*

A Mesa de Contratación, á vista do exposto anteriormente, **acorda aceptar a reclamación** presentada pola empresa PLATAFORMAS DARYAT, S.L., **no aspecto relativo ao incumprimento das prescricións técnicas esixidas na licitación** da plataforma elevadora proposta pola empresa GRAU MAQUINARIA I SERVEI INTEGRAL, S.A. e, **polo exposto, non admitir a proposta económica presentada pola referida empresa á licitación.**

2º.- Dar traslado do acordo adoptado pola Mesa de Contratación aos licitadores e conceder un prazo de audiencia de tres días hábiles a ambos licitadores, que unha vez rematado se procederá pola Mesa de Contratación a proposta definitiva de licitador ao órgano de contratación para a súa adxudicación.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O APARELLADOR MUNICIPAL

Asdo. José Mª Melero González.